



PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2007-2008



1- XUSTIFICACION BASEADA NO CONTEXTO

1.1- Contexto legal

O Departamento de Orientación constitúese no centro co fin de garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e que se establezca unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e ás familias.

Así entendemos a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa e que comeza desde a escolarización do neno/a . Este proceso abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente.

Deste xeito a **LOE no artigo 91** establece as funcións do profesorado e dí que " o profesor lle corresponde entre outras a titoría, orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración no seu caso, cos servicios ou departamentos especializados".

Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

Teremos que ter en conta, por tanto, as variables nas que se contextualiza a actuación docente e que son aqueles aspectos socioeconómicos e culturais da comarca da Limia. Esta ampliación da nosa actuación á comunidade onde se localiza o noso centro implica a necesidade de coordinación con profesionais especializados, tanto en ámbitos da psicopedagogía como de servicios sociais ou sanitarios, coordinación que se fai máis estreita na relación co departamento de orientación do I.E.S."Lagoa de Antela", centro ó que se adscribe o noso C.E.I.P. xa que recolle a tódolos alumnos de secundaria do C.E.I.P. "Rosalía de Castro".

Todos estes principios filosóficos despréndense da seguinte lexislación tida en conta para a realización deste plan:

- Lei 3/2006 de maio de 2006
- Decreto 374/1996 de 17 de Outubro (DOG 21) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.



- Orde do 1 de Agosto de 1997 (DOG 2 de setembro) que desenvolve o anterior decreto.
- Decreto 120/1998 (DOG do 27) polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde 24 de xullo de 1998 (DOG do 31) pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia.
- Circulares da Dirección Xeral de setembro de 1999 ó 2007

que no que se refire á Orientación Educativa podemos resumir nos seguintes puntos:

- A Orientación e a Tutoría formará parte da función docente.
- As finalidades da Educación son: **transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes, exercer dereitos e incorporarse á vida activa con garantía de éxito.**
- En consecuencia co anterior a Lei propón unha educación **comprensiva** (para todos), **terminal** (ten un fin en si mesma) e **propedéutica** (prepara para futuros estudos).
- Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios.
- Entendemos a escola como un lugar de construción da igualdade de oportunidades.
- O noso centro posibilitará que todos os alumnos desenvolvan ao máximo as súas potencialidades e se formen como persoas para seren felices na sociedade á que pertencen.
- As actuacións do Departamento de Orientación terán en conta o contexto sociocultural e económico no que se ubica o centro e procurará implicar ao máximo de sectores nas súas actividades, dende unha perspectiva holística.
- Procurarase a colaboración entre todos os implicados no proceso educativo.



➤ As actuacións do departamento basearanse en dous modelos de intervención:

- No modelo de **programas**, cando sexa necesario abordar as necesidades antes de seren demandas polo suxeitos obxecto da intervención.

- No modelo de **consulta**, cando a demanda sexa manifestada ou requerida polos axentes implicados coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que se sintan todos implicados.

1.2- CONTEXTUALIZACIÓN

Demandas

Unha vez que temos os principios filosóficos e legais sobre os que vamos a plantexa-lo noso plan é convinte un estudio pormenorizado das demandas da comunidade educativa. En Xinzo, atopámonos cunha variedade de alumnos moi grande e que repercute moi seriamente en todo o centro. Por unha banda temos os alumnos nativos da comarca, con asentamento familiar no mesmo Xinzo, por outra están os alumnos procedentes dos pobos cercanos, e contamos tamén coa problemática engadida de matricular alumnos procedentes de distintas culturas: cultura xitana, marroquinos, portugueses, colombianos, dominicanos...

Adscricións

O C.E.I.P. "Rosalía de Castro" atópase adscrito ó I.E.S. "Lagoa de Antela" (Xinzo de Limia), centro que acolle a maioría dos nosos alumnos. (maioría porque algúns acuden a centros da capital).

Co Departamento de Orientación deste I.E.S. existe estreita colaboración podendo circular información (en dobre vía) sempre que sexa necesario.

Por outra banda ó C.E.I.P. "Rosalía de Castro" fóronlle adscritos os seguintes centros:

- CEIP de Sarreaus



- CEIP de Vilar de Barrio

Composición

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. Rosalía de Castro está composto polos seguintes membros:

- Xefatura do Departamento: Agustina Parada Folgoso.
- Profesoras de P.T.: Clementina Blanco Simón, Susana Freire, Emilia Sandín, Carmen Cao, e Ana I. Quintela .
- Profesoras de A.L.: Valentina Nafría Nafría, e Eva Formoso.
- Profesores Coordinadores de Ciclo:
 - Ana Mon Delgado (Educación Infantil).
 - M^a Dolores Formoso (1º Ciclo).
 - Eva Formoso (2º Ciclo).
 - Stella Balvís (3º Ciclo).
- Os membros representantes dos centros adscritos:
 - Directora do CEIP de Sarreaus: María Dolores Castro.
 - Directora do CEIP de Vilar de Barrio: Manuela Iglesias Baltar.

Estructura organizativa do departamento

- Reunións co Departamento de Orientación do IES "Lagoa de Antela":
 - 1 reunión semanal: venres de 10 a 11h.
 - 1 reunión trimestral.
 - Outras de carácter extraordinario.
- Reunións de tódolos membros do Departamento de Orientación do CEIP "Rosalía de Castro":
 - 1 reunión trimestral
 - Outras de carácter extraordinario
- Reunións cos membros do Departamento de Orientación con destino no propio Centro:
 - 1 reunión semanal



- Outras de carácter extraordinario

Horario de traballo

- 1 hora semanal de coordinación coa Xefa do Departamento de Orientación do IES "Lagoa de Antela", IES ó que está adscrito este centro:
 - Venres de 10h. A 11h.
- Atención os Centros adscritos:
 - 1 día a semana durante o 1º 2º e 3º trimestre (Mércores preferentemente) se ben nos cursos anteriores e, sobre a marcha se foron aumentando en relación ás demandas xurdidas, quedando as visitas de atención os centros adscritos máis periódicas.
 - Adicación ó CEIP " Rosalía de Castro":
 - O resto do horario (menos as horas semanais adicadas a maiores os centros adscritos).

Presuposto económico

- Gastos por desprazamento.
- Gastos por fotocopias.
- Compra de bibliografía.
- Compra de probas estandarizadas.

2- DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES

Para a configuración deste plan faise necesario destacar unha serie de variables que resultan básicas:

O C.E.I.P." Rosalía de Castro" pertence a vila de Xinzo de Limia, con 5000 habitantes, nun concello que se aproxima ós 10.000 habitantes. Está situado na



periferia da vila, preto dos polígonos urbanísticos I e II (únicos que se desenvolveron).

Nesta vila non existen grandes industrias e a actividade económica depende do medio rural (monocultivo da pataca) e do comercio.

Nesta vila existe outro CEIP das mesmas características, o IES "Cidade de Antioquia" e o IES "Lagoa de Antela".

Durante o presente curso escolar o CEIP Rosalía de Castro ofrece os seguintes estudos:

1- Educación Infantil: 2º Ciclo (1º, 2º e 3º)

2- Educación Primaria: 1º, 2º e 3º Ciclo.

De E.I. ten 8 unidades cunha ratio de 16 alumnos. De Primaria ten 13 unidades coa ratio de 22,5.

Están matriculados no centro 420 alumnos, uns procedentes do medio rural e outros da vila.

O horario lectivo é de 10 a 1 da maná e de 3 a 5 da tarde.

Os alumnos adscribíense os distintos cursos por orden alfabético respetando a adscrición durante todo ó ciclo, únicamente al térase o mesmo coas novas matriculacións ou no caso de permanencia un ano máis no mesmo ciclo.

Lugares de procedencia do alumnado:

Trasmiras, Soutelo, Lobaces, Vila de Rei, Abavides, Zos, Faramontaos, Rebordachá, Paredes, Moreiras, Santa Baia, Damil, Laroá, San Pedro, Fiestras, Seoane, Chamusiños, Pardieiros, Avenida de Portugal, Zona de Millares, Cruz de Bustelo, Marrocos, Portugal e América do Sur.

Dentro das características diferenciais do alumnado podemos sinalar a existencia de alumnos que necesitan ACI e Reforzo Educativo.

Hai familias desestructuradas cos problemas que isto conleva para a educación integral do alumno.



Tamén este curso hai que destacar a presenza de un gran número de alumnos procedentes de Marrocos, o cal leva implícito ter máis en conta a acollida e integración de alumnos.

Alumnado por curso

INFANTIL						
Grupo	de 3 anos	n.e.e	de 4 anos	n.e.e	de 5 anos	n.e.e
A	14	2	15	2	19	4
B	14	2	17	1	18	0
C	13	0	18	0		
Total	41	4	50	3	37	4

PRIMARIA												
Grupo	Primei ro	n.e.e	Segun do	n.e .e	Terce iro	n.e. e	Cuart o	n.e. e	Quint o	n.e. e	Sext o	n.e. e
A	25	1	22	3	16	1	23	8	23	5	26	9
B	25	2	20	3	16	1	24	3	25	5	25	3
C			22	1								
Total	50	3	64	7	32	2	47	11	48	4	51	12
Total alumnos : 420												



O apoio destes alumnos, por parte dos especialistas en Educación Especial, varía de xeito notable: existe un alumno con apoio a tempo total por unha especialista en P.T. dentro da aula ordinaria, a maioría reciben apoio dentro na súa aula ordinaria e somentes os casos de audición e Linguaxe e algúns casos puntuais de P.T. reciben apoio na aula de E.E. debido ás necesidades do alumno/a.

NECESIDADES EDUCATIVAS (Observadas)

	Centro Base e Centros adscritos.
Alumnado	• Atención á diversidade. • Formación en habilidades sociais que favorezan a convivencia • Mellorar o clima de relación na aula. • Identificación co centro • Aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual • Orientación Académica • Mellora das técnicas instrumentais básicas de lectura, escritura, expresión e cálculo.
Profesorado	• Formación sobre aspectos psicopedagóxicos e didácticos • Formación sobre aspectos metodolóxicos • Formación sobre o sistema de avaliación. • Formación para responder á diversidade e á comprensividade educativa. • Integración e coordinación como equipo docente. • Implicarse en proxectos de formación e seminarios didácticos.
Familias	• Información sobre o sistema educativo • Información sobre as actividades académicas • Formación para a colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe. • Participación no proxecto educativo do centro.
Centros	• Elaboración/ revisión do Proxecto Educativo de Centro • Completar a elaboración do Proxecto Curricular de Centro. • Programas de integración da comunidade educativa • Programas de formación no centro..



OBXECTIVOS XERAIS

5.1.- Liñas prioritarias de actuación.

Seguindo os criterios especificados nas Circulares 1999- 2000-2001-2002- 2003- 2004-2005-2007 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, establécense as seguinte liñas de actuación:

♦Potenciar os seguintes aspectos no Plano de Acción Titorial

- Propostas de actividades de tutoría para o profesorado tutor que realizará cos seus alumnos tanto individualmente como a nivel de grupo, así como de orientación para impulsar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Establecemento de liñas xerais de intervención na atención á diversidade (incluída a multicultural) e apoio ao profesor tutor para a coordinación da avaliación inicial ao principio de curso,
- co fin de deseñar a aplicación das liñas xerais de intervención nunha sesión conxunta dos equipos docentes de cada grupo de alumnos.
- Propostas ás tutorías de acción de intervención en técnicas de traballo intelectual que potencien a comprensión lectora e que se abordarán desde todas as áreas, e seguimento e avaliación das ditas accións.

♦Deseñar, facer o seguimento e avaliar accións ou programas de intervención que favorezan a convivencia e o clima escolar nos centros educativos.

♦No caso dos centros adscritos de educación infantil e primaria, deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado.

♦Colaborar coa xefatura de estudos e cos tutores na planificación, seguimento e avaliación das reunións periódicas destes co departamento de orientación ao longo do curso escolar.



- ♦ Solicitar a colaboración dos equipos de orientación específicos para contrastar informes, así como para o emprego de técnicas de avaliación específicas en función das características do alumnado.
- ♦ Participar nas actividades de formación propostas no plano anual de formación do profesorado e comunicar as necesidades de formación tanto propias como observadas nos equipos docentes en relación ao seus ámbitos de actuación.
- ♦ Colaborar cos profesores titores de educación infantil e primaria para programar no horario semanal do seu grupo de alumnos e alumnas algún tempo específico para tal fin, ligando os contidos da titoría ás diferentes áreas en función da temática que se aborde.
- ♦ Actualizar os datos relevantes referidos á orientación que permitan a súa codificación e almacenamento nunha base de datos central, co fin de facilitar a realización de estudos e planificación de programas especiais de intervención.

2.2- Obxectivos referidos ó alumnado:

Plano de Orientación - ALUMNADO			
OBXECTIVO: Prestar atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, especialmente aos máis necesitados			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- Avaliación psicopedagóxica - Adecuación de contidos - Adecuación metodolóxica - Evitar barreiras de acceso - Dotación de material específico	Seguimento dos cursos e materias nos cursosos onde haxa alumnos con ACIs ou reforzos	Todo o curso	X. E e X.D.O
	Colaboración coa profesora de PT para a organización do espacio e tempo para unha mellor atención.	Todo o curso	Prof. PT e X.D.O.
	Coordinación coa Xefatura de Estudos para unha mellor eficacia na atención ao alumnos con n.e.e.	Todo o curso	X.E e X.D.O.
	- Coordinación cos titores e profesorado para o seguimento e valoración das ACIs e reforzos educativos - Coordinación co	Todo o curso nas reunións semanais	X.D.O. e titores X.D.O. e profesores específicos X.D.O. e



	profesorado que imparte reforzos específicos. • Asesoramento e orientación ao profesorado que imparta a alumnos con n.e.e. • Informes psicopedagóxicos	Todo o curso nas reunións semanais Todo o curso, segundo demanda Segundo necesidades.	profesores X.D.O e profesorado implicado.
--	--	---	---

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Comprobar en que medida se desenvolveron as ACIs e a súa valoración final
- En que medida se fixeron os reforzos demandados
- Como influíu a distribución no tempo e o espazo na atención á diversidade
- Fixéronse cambios no tempo e espazo ao longo do curso
- Fixeron os tutores o seguimento e valoración das ACIs e reforzos correspondentes ao seu alumnado.
- Cantas demandas de asesoramento foron solicitadas
- asesoramento solicitado ao D.O. tivo consecuencias positivas para os implicados no proceso
- Cantos informes foron solicitados e cantos completados
- Con motivo dos informes psicopedagóxicos tomáronse as medidas adecuadas no proceso de ensino-aprendizaxe.



Plano de Orientación - ALUMNADO

OBXECTIVO: Favorecer a integración e participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- Formación en habilidades sociais - Formación na resolución de problemas e conflitos - Mellora do autoconhecimento e autoestima. - Mellorar as relación e o clima da aula e do centro. - Recoñecer o contro escolar como propio e como espacio de relación social.	Xogos de roles	1º trimestre	Titor
	Xogos cooperativos	1º trimestre	Titor
	Dinámica de grupos	Todo o curso	Titor
	Role-plays	Todo o curso	Titor
	Exercicios de autoreflexión persoal e debates sobre os resultados.	Toto o curso	Titor
	Exercicios de análise da propia imaxe e personalidade e discusión en grupo.	Despois de cada avaliación	Titor
	Debates.	2º Trimestre	Titor
	Traballos en grupo sobre temas de relación social.	2º Trimestre	Titor, profesores, DO
	Realizar unha revista escolar		
	Realizar murais sobre temas de relación.		
	Participar en actividades colectivas do centro: deportivas, culturais., festivas etc.	Ao longo do curso	Titor e profesorado.
	Programar actividades de información e propaganda	Ao logo do curso	Equipo Directivo.
	Actividades de acollida de novos alumnos.	Primeira semana de curso	Dir, Titores, Or. Dir, Or.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Comprobar se se realizaron nas titorías as actividades relativas a habilidades sociais, dinámica de grupos, e xogos cooperativos.
- Valorar por parte dos titores, profesorado, e D.O. as consecuencias deste tipo de actividades nas actitudes e comportamento do alumnado.
- Comprobar o número traballos realizados e a súa repercusión nas actitudes e comportamentos.
- Comprobar o número de actividades colectivas de centro realizadas e a participación nelas por parte da comunidade educativa.
- Enumerar as actividades de información e propaganda feitas e valorar as súas repercusión no clima escolar



Plano de Orientación - ALUMNADO.

OBXECTIVO: Facilitar que os alumnos controlen as técnicas de traballo intelectual básicas para un mellor desenvolvemento do seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- Control do tempo. Diarios e programacións. - espacio e o ambiente de estudio - comentario de textos - resumo - subliñado e o esquema. - A lectura comprensiva. - A expresión oral. - A expresión escrita. - cálculo - razonamento lóxico e matemático. - A clasificación.	Facer un horario semanal e un diario para ver o seu grao de cumprimento.	1º trimestre	Titor-profes
	Facer contratos de traballo e comprobar o seu cumprimento.	Todo o curso	Profesores
	Debeter sobre o espacio e ambiente de estudio e reflexionar sobre os cambios precios.	1º trimestre	Titor
	Comentar textos periodísticos ou do currículo.	Todo o curso	Titor, profes
	Ler un texto, subliñalo, facer un esquema e logo espoñelo na clase.	Todo o curso	Titor, profes
	Facer lectura colectiva e verbalizar sobre o contido da mesma.	Todo o curso	Titor, profes
	Preparar un tema e expoñelo na clase. Debates, Forums, Mesas redondas, etc.	Todo o curso	Titor, profes
	Propoñer problemas de razonamento, xogos matemáticos, etc e resolvelos en conxunto.		Titor, profes

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Enumerar as actividades realizadas ao longo do curso e valorar a súa repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe.

Comprobar en cada avaliación o número de actividades realizadas en cada área

Enumerar as actividades realizadas nas tutorías e valorar a súa repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe.



Plano de Orientación - PROFESORADO			
OBXECTIVO: Informar e formar ao equipo docente sobre os aspectos didácticos, metodolóxicos e de avaliación que implica a Primaria			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- As fontes do currículo - Atención á diversidade e educación comprensiva. - A avaliación e a acción tutorial - Principios psicopedagóxicos da Primaria. Como se aprende, Zona de desenvolvemento próximo, aprendizaxe significativa. - Características psicosociais dos alumnos.	- Información específica cando sexa requerida. - Intervención nas sesións de avaliacións. - Coordenación, a través da Comisión Pedagóxica, para as programacións e os criterios de avaliación. - Apoio e axuda aos Departamentos didácticos cando sexa requerida. - Coordenación das tutorías. - Implicar ao profesorado nos informes de alumnos demandados. - Coordenar o proceso de ensino aprendizaxe das ACIs e reforzos, orientando nas necesidades demandadas. - Plantexar na Comisión Pedagóxica aqueles aspectos que inflúan nunha mellor calidade do ensino e na atención á diversidade.	Ao longo de todo o curso Nas sesións de avaliación Mensualmente, nas reunións da CCP Ao longo de todo o curso Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso Mensualmente, nas reunións da CCP	Orientador, formadores. Orientador Orientador e Xefa de Estudos Orientador Orientador Orientador, profes. Orientador Orientador.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN: - Enumerar as actividades realizadas, valorando a implicación do profesorado - Valorar as repercusións na aula e no proceso de ensino aprendizaxe das actividades realizadas. - Controlar as decisións tomadas nas sesións de avaliación sobre reforzos e atención á diversidade. - Analizar os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe a través dos datos das avaliacións - Seguimento das intervencións demandadas, analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados			



Plano de Orientación - PROFESORADO.

OBXECTIVO: Implicar ao profesorado en tarefas de integración no centro, de formación académica, e de innovación pedagóxica.

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Revisión do PEC • Revisión do PCC • A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da institución	• Motivar para a Revisión do PEC e PCC • Motivar para a formación dun seminario sobre Multiculturalidade. • Informar e coordinar para a implicación en actividades extraescolares e festivas. • Dinamizar as reunións dos Equipos para implicalos na Revisión do PCC	Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso	Or, XE, Dir Or, XE, Dir Or, XE, Dir XE, Dir, XE, Or, Dir.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Enumerar as actividades propostas e analizar o seu resultado
- Valorar a participación e implicación nos proxectos iniciados.
- Valorar a repercusión na comunidade educativa dos proxectos realizados ou iniciados.



Plano de Orientación - FAMILIAS

OBXECTIVO: Contribuir a manter relacións de cooperación e participación entre as familias e o centro

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- Estructura e funcionamento do centro - Proceso de ensino-aprendizaxe - Actividades extraescolares - Contorno soioeconómico - Curriculum oculto - Ideario do centro.	Actividades extraescolares de cooperación coa APA	Ao longo do curso	Dir, Or. Titores
	Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe a través das titorías.	Ao longo do curso	Titores, Or.
	Xornadas informativas-formativas sobre conflitos e clima escolar.	2º Trimestre	Dir, Or.
	Información sobre os obxectivos anuais, materiais curriculares, e avaliacións.	1º Trimestre	Dir, Or.
	- Organizar actividades para mostrar os resultados dos traballos académicos: certames literarios, teatro, música, deportes, etc. - Implicar ás familias na información ao alumnado sobre o mundo laboral.	Ao longo do curso	Dir, Titores, Or.
		2º e 3º trimestre	Or, Dir.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do centro.
- Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado.

Valoración das familias sobre as actividades realizadas.

Plano de Orientación - FAMILIAS

OBXECTIVO: Implicar aos pais nas actividades do centro como membros da comunidade educativa a través da información académica e da formación familiar

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
- Estructura do Sistema Educativo - Implicación no proceso educativo do fillos e fillas.	Xornadas de portas abertas para mostrar o centro ás familias	3º Trimestre	Or, Tit. Dir, Pais/nai
	Xornadas de formación familiar para axudar aos fillos no proceso de ensino-aprendizaxe.	2º Trimestre	Dir, Or. Or, Dir.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do centro.
- Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado.
- Valoración das familias sobre as actividades realizadas.

Plano de Orientación - CENTRO			
OBXECTIVO: Asesorar e orientar ao Equipo Directivo para a definición do ideario de centro, nomeadamente a través do PEC e PCC.			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Proxecto Educativo do Centro • Proxecto Curricular do Centro • Seminarios permanentes. • Grupos de traballo • Innovación educativa	• Formación de grupo/s de traballo para a elaboración dun anteproxecto de PEC	Ao longo do curso	Dir, Or.
		Ao longo do curso	Dir, Or
	• Informar e motivar para a constitución e/ou consolidación de grupos de traballo	Ao longo do curso	Dir
			Dir, Or
	• Información permanente sobre os proxectos de innovación , para a implicación dos docentes.	1º Trimestre	Dir, Or.
		1º Trimestre	Dir.
	• Elaborar instrumentos para a recollida de datos da comunidade educativa que axude na elaboración do PEC		
	• Implicar ao Claustro na elaboración do Plano Anual de Actuación	Todo o curso	
	• Cooperar coa comunidade educativa (Equipo directivo, profesorado, alumnado,	Todo o curso	



	comisións, e outras) favorecendo canles de información, comunicación e actuación. • Potencia-la coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida. • Representa-lo departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.		
--	---	--	--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Enumeración das actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado.
- Avaliación pública dos logros acadados en cada unha das actividades.
- Recollida de información valorativa do claustro, departamentos e seminarios, sobre as actividades do centro

Plano de Orientación - CENTRO			
OBXECTIVO: Axudar ao Equipo Directivo na súa labor de liderazgo pedagóxico e social.			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
• Información social e propaganda • Dinámica de grupos. • Formación en centro. • Relación co contorno. • Ofertas educativas. • Atención á diversidade.	• Elaborar folletos para a difusión interna e externa do Plano Anual e das ofertas educativas. • Dinamizar a CCP para elaborar un proxecto común	Ao longo do curso Ao longo do curso 2º Trimestre	Dir, Or. Dir, Or, Prof Dir, Or., Prof



	anual. - Organizar xornadas sobre cuestión académicas: metodoloxía, avaliación, atención á diversidade, conflitos. etc. - Consensuar as ofertas educativas na ESO e nos Bacharelatos para consolidar un proxecto educativo e evitar a dispersión. - Organizar xornadas informativas e formativas para unha mellor atención á diversidade. - Concienciar á comunidade escolar da necesidade da avaliación interna do proceso educativo e elaborar os instrumentos para o seu proceso.	2º e 3º Trimestre 2º Trimestre 2º e 3º Trimestre 1º Trimestre	Dir, Or., Prof. Dir, Or, Prof. Dir, Or, Prof. Dir, Or. Prof.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN: - Enumeración das actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado. - Avaliación pública dos logros acadados en cada unha das actividades. - Recollida de información valorativa do claustro, departamentos e seminarios, sobre as actividades do centro			

3- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIONS PRIORITARIAS.

Os obxectivos propostos para o traballo deste departamento para o curso 2007- 2008 estarán agrupados en tres liñas fundamentais de traballo, elixindo actividades que durante o curso desenvolvan un plan coherente nestas vertentes:

- Apoio ó proceso de ensino- aprendizaxe.*
- A acción tutorial.*



- *A Atención a diversidade.*
- *Acollida de inmigrantes*

A enumeración das actividades non se realiza aquí xa que algunhas teránse que ir plantexando sobre a marcha do curso. O tratar de ser un Plan aberto e flexible teremos en conta a temporalización para a elaboración de ditas actividades. Por exemplo despois das xuntas de avaliación, unha vez vistos e estudiados os resultados, proporánse actividades de reforzo se consideramos que algún alumno máis cos que xa as están realizando as necesita.

ACCION TITORIAL

A acción titorial forma parte da función docente e é un dos pilares básicos da Orientación persoal, educativa e profesional que o alumnado ten dereito para un mellor desenvolvemento das súas capacidades. Consecuentemente é necesario un Plano de Acción Titorial (P.A.T.) que oriente esta importante función docente. Polo tando, dende o Departamento de Orientación propónse o PAT .

-ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O conxunto do Proxecto Curricular téñen como obxectivo a diversidade a través da planificación dun proceso de ensino-aprendizaxe ó máis individualizado posible. Polo tanto, entre as decisións que hai que adoptar, figuran algunhas que teñen unha especial repercusión na atención a diversidade existente no alumnado tales coma:

- A resposta na diversidade na aula.
- A resposta educativa para os alumnos que o longo do ciclo non promocionan e para os que promocionan con áreas avaliadas negativamente.

3.1.1- Atención a diversidade na aula

Dar resposta a diversidade nas nosas aulas supón planificar a actividade docente, incorporando recursos e extratécnicas que permitan ofrecer respostas diferenciadas ás



necesidades que vaian xurdindo. Non se debe esperar a aparición de dificultades, se non que hai que anticiparse a elas asumindo dende o principio as diferencias no interior do grupo como algo característico da tarefa pedagóxica. Isto implica planificar actuacións en distintos ámbitos.

3.1.2- Respecto ós contidos

Distinguindo claramente os contidos fundamentais do currículo, entendendo por tales os que son imprescindibles para aprendizaxes posteriores, así coma aqueles que contribúen ó desenvolvemento das capacidades xerais ou ben que posúen unha gran funcionalidade (maior aplicación na vida social) e aplicáanse a maior número de situacións. A selección de contidos fundamentais debe ir acompañada duna reflexión sobre o seu grado de dificultade, co fin de preveñir problemas de aprendizaxe presentando maior atención ós máis complexos. Por elo deberíamos permitir traballar con determinados alumnos establecendo prioridades e distribuindo o tempo de acorde con elas.

Fixando a súa vez uns mínimos para todo o grupo, sin que elo supoña que tódolos alumnos/as teñan que conseguir necesariamente as mesmas aprendizaxes co mesmo ritmo e no mesmo grado para todo tipo de contidos.

3.1.3- Respecto as estratéxias didácticas

Convén que utilizemos actividades de aprendizaxe variadas, que permitan distintas vías de acceso ós contidos e que presenten distintos grados de dificultade.

Usar materiais diversos: os materiais, deben ofrecer unha ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos grados de aprendizaxe, ben ofrecendo en cada unidade didáctica grupos de actividades diferentes (ampliación, profundización, reforzo, mínimas para tódolos alumnos/as), ben presentando ordenadas as actividades de tal xeito que cubran tódolos pasos do proceso de aprendizaxe. Distinguir formas de agrupamentos de alumnos dentro da aula, ligadas a unha organización flexible do espacio que permita compartir traballo individual, co traballo en pequenos grupos e con actividades en grandes grupos.

Utilizar metodoloxías diversas de exposición, traballo en grupo, iniciación a investigación, etc...



4- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

4.1-Estratexias referidas ó alumnado.

Teremos como principais as seguintes que se citan a continuación:

4.1.1- Realización da avaliación e integración inicial do alumnado. Actividades de acollida, especialmente para o alumnado de novo ingreso.

No primeiro tramo do curso escolar os titores/as:

- Comentarán co alumnado os seus dereitos e deberes, informarán do funcionamento do Centro, crear a necesidade de elaborar unhas normas de convivencia específicas, dentro da propia aula, acompañadas dos mecanismos de control necesarios asustándose ó establecido no R.R.I.
- Unha vez que o grupo se conexe, elección de delegado/a da clase, facendo unha análise do perfil e explicando funcións,...
- Proporcionar ó alumnado, información referente ó calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.
- Coñece-las características do grupo titorizado. O sociograma, a observación sistemática e outras técnicas grupais serán de gran utilidade.

4.1.2- Detección e avaliación das NEE do alumnado

- Colaboración entre equipos docentes, titores/as, familias e departamento de orientación para unha pronta detección de posibles NEE do alumnado, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.
- A orientadora propoñerá o modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando ó xefe de estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.

4.1.3- Habilidades e métodos de estudo e aprendizaxe.

- Será labor de tódolos docentes do grupo, coordinados polo titor/a, en colaboración co departamento de orientación, axudar ó alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual.



- Diseñaranse actividades específicas para mellora-la comprensión e eficacia lectora en tódolos niveis educativos da E. Primaria.

4.1.4- Orientación académica e profesional.

Os titores poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo, das posibilidades de estudio a curto, medio e longo prazo do nivel de 6º.
- Que adquiran e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións e que procuren a mellora do autoconcepto no alumnado.

4.1.5- Avaliación do alumnado

Os equipos de profesores poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Informar ó alumnado dos criterios polos que vai ser avaliado.
- Afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

4.2- Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado

4.2.1- Relación do/a titor/a co Dto. de orientación.

Poñeráanse en práctica estratexias conducentes a:

- Detectar e preveñir conductas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento o Equipo de Orientación Específico da provincia, se é necesario.
- Coordina-las actividades orientadoras e tutoriais do centro que afectan ó seu grupo.
- Participar activamente no desenrolo do plan de acción tutorial.

4.2.2- Relación do/a titor/a cos profesores/as.

Poñeráanse en práctica estratexias favorecedoras destes aspectos:

- Facilitar o traballo en equipo e a coordinación dos ciclos e niveis, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.



- Informar ó resto do profesorado do grupo tutorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal do alumno tutorizado.
- Organiza-las xuntas de avaliación nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:
 - Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.
 - A situación actual do alumnado con NEE
 - Os materiais empregados.
 - A metodoloxía aplicada.
 - A situación do grupo-clase.

4.2.3- Relación do/a titor/a coas familias

Os titores/as poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Favorecer unha adecuada comunicación familia-centro, comunicándolles horario de atención ás familias, mantendo entrevistas personais, etc...
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos/as e asimesmo, recabar información necesaria para mellora-la situación escolar do alumnado.

5- RECURSOS COS QUE CONTAMOS

5.1- Recursos humanos

O Claustro de profesores para o curso 2007-2008 queda formado do seguinte xeito:

- 9 especialistas en Educación Infantil
- 12 especialistas en Educación Primaria
- 2 especialistas en Inglés
- 2 especialistas en Educación Física
- 1 especialista en Educación Musical
- 2 especialistas en Audición e Linguaxe , (unha compartida).
- 5 especialistas en Pedagogía Terapéutica, (unha compartida).
- 1 Sacerdote (que imparte relixión)
- 1 Orientadora



Do claustro saíron os coordinadores de ciclos que pasan a formar parte do departamento de orientación:

5.2. - Recursos materiais.

- PCC e PEC
- Fichas acumulativas e expedientes do alumnado.
- Material escolar e de reforzo (estáse a traballar por parte do Departamento na elaboración de material propio, sobre todo de Lectura Comprensiva para cursos baixos.)
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe. (Trátase de adquirir bibliografía útil para o desenrolo da intelixencia, para metaatención, metacognición... Tamén se elaborará durante o curso material sobre técnicas de estudio e traballo para levar a cabo con alumnos do terceiro ciclo da Primaria.)
- Progrma básico para prevención de alteracións da linguaxe, elaborado polo Departamento de orientación e incluído como anexo.
- Documentos sobre lexislación educativa. (Póndose ó día toda a lexislación que trata da Educación Primaria, así coma de temas que atañen ó centro: Ley dos Dereitos e Deberes do menor, Ley de Protección do menor...)

6. - ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

6.1.- Criterios de actuación

Dende o Departamento de Orientación, nas accións emprendidas, procurarase unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto á toda comunidade educativa coma os servizos do contorno no que se inxire, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para conquistar isto utilizaranse os dous modelos de intervención que de seguido se expoñen.

Modelo de programas, utilizarase cando se observe unha necesidade e non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarase os acontecementos e



incidir no problema o máis axiña posible. A acción está encamiñada á prevención e o desenvolvemento, e seguiranse as seguintes fases:

1. Análise co contexto
2. Detectar as necesidades
3. Formular obxectivos
4. Planificar actividades
5. Realizar as actividades
6. Avaliar o programa.

O **Modelo de consulta** utilizaráse para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou titores con respecto ás necesidades individuais ou de grupo. A acción deste modelo se articulara ó redor de tres elementos:

1. O orientador asume o rol de consultor, que intervirá de forma indirecta co alumno a través do mediador.
2. O mediador (titor, profesores, pais, etc) interveñen directamente co alumno, a partir de propostas do orientador.
3. O destinatario último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta do orientador.

A actuación para o informe-acción deste modelo seguirá os seguintes pasos:

1. Definición da consulta a través do informe da situación aportado polo mediador
2. Avaliación de necesidades e recursos, na que colaborarán o orientador e o mediador.
3. Proposta de intervención consensuada entre o orientador e o mediador
4. Desenvolvemento do programa polo mediador
5. Avaliación do programa polo mediador e o orientador.

6.2.- Distribución de tarefas



As tarefas para cada actividade serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, segundo se especifica no plano de orientación, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor na tarefa para unha mellor consecución dos obxectivos. A este efecto procurarase a coresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo.

6.4. - Temporalización.

A programación do tempo especifícase para cada actividade en cada un dos apartados do Plano de Orientación e do PAT. Nembargantes atenderáanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso, tendo en conta sempre as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumnos, e moi especialmente as necesidades educativas especiais e a atención á diversidade

6.5. - Centros adscritos.

Os centros adscritos serán informados deste Plan de Orientación, que tamén os abrangue a eles, dentro das dispoñibilidades de tempo e persoais, adaptando o P.O a cada contexto específico. A atención será sistemática dentro das dispoñibilidades. Cada centro ascrito será orientado para a confección dun PAT adaptado ás súas necesidades.

7-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Avaliación formativa ó longo do curso nas reunións previstas nos calendarios pertinentes, onde se deberán adopta-las medidas correctoras que sexan necesarias.

Ó remate do curso farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos e se a temporalización foi a axeitada. Da tabulación dos datos extraeráanse conclusións para a memoria.

Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do plan do curso seguinte:

Necesidades dos centros adscritos

CEIP Sarreaus



Infantil	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto
		1				1
Total N° Alumnos= 2						

CEIP VILAR DE BARRIO

Infantil	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto
1			1			1
Total N° Alumnos= 3						

Estes dous centros non teñen Especialistas en Educación Especial.

PROGRAMA BÁSICO PARA PREVENCIÓN-CORRECCIÓN DE ALTERACIONES DA LECTO-ESCRITURA

OBXECTIVOS XERAIS:

- Adquisición dunha lectura correcta. (Desenvolvemento adecuado da fluidez e da comprensión, sen alteracións disléxicas.)
- Consecución dunha escritura correcta, sen alteracións disléxicas, disgráficas e disortográficas, tomando como unidade básica a palabra.

OBXECTIVOS POR ALTERACIÓN

1- SUSTITUCIÓN (confusións)

- Diferenciar fonemas con puntos de articulación semellantes mediante exercicios de percepción auditiva.
- Diferenciar grafemas semellantes polo entrenamento en tarefas de percepción visual e orientación espacial.

2- ROTACIÓN



- Eliminar a rotación de letras mediante o entrenamento en tarefas que impliquen orientación espacial.

3- OMISIÓNS

- Lograr entrenarse en tarefas de linguaxe oral, a través da percepción visual e auditiva.
- Eliminar as omisións de letras en sílabas e palabras.

4- ADICIÓN

- Eliminar os grafemas innecesarios mediante o entrenamento en tarefas de percepción visual e auditiva do grafema, así coma da percepción viso-auditiva global da palabra.

5- INVERSIÓNS (Contaminacións)

- Eliminación de erros de ubicación secuencial de grafemas, mediante o exercicio en tarefas de discriminación /percepción visual e auditiva. (Lateralidade e secuenciación temporal).

6- UNIÓN (Soldaduras)

- Trátase de xeito semellante o apartado anterior. (Lateralidade e secuenciación temporal).

7- FRAGMENTACIÓN (Disociacións)

- Lograr unha correcta separación-unión de letras, sílabas e palabras mediante a práctica en tarefas de ritmo e percepción global.

8- SUPERPOSICIÓN

- Lograr unha copia e escritura correcta sen exceso de repaso de signos.

OUTRAS ALTERACIÓNS DA LECTO-ESCRITURA



Alteracións que as veces conviven coas alteracións disléxicas pero que non son determinantes destas:

ALTERACIÓNs asociadas, de tipo PERCEPTIVO:

1- Percepción- discriminación visual.

2 -Lograr unha boa interpretación de sons-símbolos (codificación-decodificación-análise e síntese perceptiva) mediante o entrenamiento en tarefas que impliquen aumento progresivo da capacidade de observación e mellora da discriminación e memoria visual, tratando de eliminar as inversións de grafemas-fonemas simétricos, as omisións de estos signos e a utilización de signos de puntuación, así como as dificultades para seguir-la copia.

2- Percepción-discriminación auditiva.

3- Percepción-orientación e secuenciación temporal.

- Lograr o dominio de nocións espaciais básicas para a prevención e corrección de substitucións (confusións), rotacións e inversións de letras, mediante o entrenamiento nas tarefas específicas.

4- Percepción-orientación e secuenciación temporal.

- Desenvolver a idea de secuenciación temporal mediante o coñecemento das diferentes unidades de temporalidade.

5- Percepción.noción temporal

ALTERACIÓNs asociadas de tipo MOTRIZ:

- Acaerar un bo entrenamiento na aprendizaxe e mellora da ortografía, prevención e corrección de alteracións disortográficas.

A- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA MELLORAR A IDENTIFICACIÓN/ADICIÓN DE FONEMAS ¹

1- Presentación de palabras (ou imaxes) o neno/a.

2- División da palabra en golpes de voz: romper e cortar en sílabas (Tarefas de SEGMENTACIÓN).

3- Representación da estrutura sonora mediante apoio visual (vinculando o soporte visual coas sílabas correspondentes.)

¹ Tomado, con modificacións de Emilio Sanchez e outros: "Estratégias de intervención para la reeducación de niños con dificultades en el aprendizaje de la lectura y de la escritura". Comunicación, Lenguaje y Educación, 1989, 3-4, 101-111.



Sílaba	Silaba	Sílaba
P	A	L A B R A

- 4- Pronunciación lenta da/s sílaba/s. (A ser posible guiado polo profesor) escribíndoa unha vez percibida/discriminada.
- 5- Comparación das palabras (sílabas) con apoio da estrutura gráfica.
- 6- O alumno articulará con claridade a sílaba.
- 7- Indicará onde non son iguais.
- 8- Leerá a sílaba/palabra de forma adecuada. (O profesor actuará sempre como modelo)

B- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA MELLORAR PALABRAS OU SÍLABAS.

- 1- Presentación de palabras ou textos o alumno/a.
- 2- División da palabra en golpes de voz: ROMPER E CORTAR EN SÍLABAS (Tarefas de SEGMENTACIÓN).
- 3- Representación da estrutura sonora mediante apoio visual (vinculando o soporte visual coas sílabas correspondentes).

Sílaba	Silaba	Sílaba
P	A	L A B R A

- 4- Pronunciación lenta de la/s sílaba/s. (A ser posible guiado polo profesor), escribíndoa unha vez sexa ben percibida/discriminada.
- 5- Comparación das palabras (sílabas) con apoio da estrutura gráfica.
- 6- O alumno articulará con claridade a sílaba.
- 7- Indicará onde non son iguais.
- 8- Leerá a sílaba/palabra de forma adecuada.

C- METODOLOXÍA PARA MELLORAR ORACIÓNS OU TEXTOS.

- 1- Presentación de frases ou textos o/a alumno/a.



- 2- División da palabra en golpes de voz: ROMPER E CORTAR en SÍLABAS (Tarefas de SEGMENTACIÓN).
- 3- Representación da estrutura sonora mediante apoio visual(vinculando o soporte visual coas sílabas correspondentes).

Sílaba	Silaba	Sílaba
P	A	L A B R A

(tantas veces como palabras teña a frase).

- 9- 4- Pronunciación lenta da/s sílaba/s. (A ser posible guiado polo profesor), escribíndoa unha vez sexa ben percibida/discriminada.

(Indícase entre paréntese no programa de cada alteración a metodoloxía a empregar en cada tipo de exercicio proposto).

A—B—C

NOTA: Para a obtención de material que sirva de apoio para aplicar programas específicos da mellora da escritura e da lectura, aconséllase consultar o fondo das Editoriais CEPE , Seco. Olea e ICCE.

1- SUSTITUCIÓN - CONFUSIÓN

- Discriminará unha letra dentro dun conxunto dado (caldo de letras).

(A)

Exemplo : .b

.d

b	d	q	p	g	d	b	p	b	b
d	b	p	b	b	p	b	b	p	p
d	p	d	b	p	b	d	p	b	d

- Lerá sílabas nas que predomine a substitución cometida (caldo de sílabas):
- En sílabas directas. Exemplo : el-le se-es sol-los (A)
- En sílabas inversas.
- En sílabas mixtas
- Discriminará as letras ou sílabas dentro de textos escritos. (A) (B)
- Lerá lentamente palabras onde aparezan os fonemas /grafemas substituídos con dificultade crecente. (A)
- Buscará palabras utilizando dous ou máis fonemas/grafemas de "difícil" discriminación/diferenciación (Confusións máis probables).



- b - d - p - q (e as respectivas combinacións)
- z - s - (c)
- d - r
- m - n - u - (ñ)
- t - d -(auditiva)
- b - p -(auditiva)
- f - t
- r - rr
- ch - cl
- b - l
- sílabas mixtas (sinfóns)
- confunden xénero e número (a - o)
- confusións en grupos vocálicos (diptongos).
- Buscará na súa memoria palabras cos fonemas/grafemas substituídos. (B)
- Dados textos, completará los fonemas/grafemas que falten. (B)

Material complementario de apoio

- a- Exercicios de Percepción Visual: Constancia de la forma de M. Frostig
- b- Exercicios de Discriminación Auditiva de ITPA:
 - o Integración Auditiva
 - o Comprensión Auditiva
 - o Asociación Auditiva
- c- Exercicios de Orientación Espacial M. Frostig:
 - o Posicións no espazo
 - o Relacións espaciais

2- ROTACIÓN

- Debuxará e pintará letras simétricas.
 - Recortará letras simétricas.
 - Lerá palabras con fonemas/grafemas rotados, identificalas e lélas correctamente. (A/B)
 - Lerá palabras con fonemas/grafemas rotados, idénticos e lélos correctamente. (A/B)
 - Lerá e realizará listas de palabras con grafema/s concreto/s, en especial con aqueles grafemas que máis rote e logo construírá frases con esas palabras. (A/B)
 - Identificará e discriminará grafemas/fonemas (A/B)
- Exemplos:
- Identificará nun caldo de letras un grafema concreto.



- Dado un texto rodeará con un círculo vermello o grafema b. Dado o mesmo texto, rodeará con un círculo verde o grafema d.
- Igual que no punto anterior: b= vermello d=verde p=azul. Así sucesivamente con todos os distintos grafemas rotados.
- Identificará palabras con determinado grafema rotado. (B)
- Identificará e substituirá correctamente en palabras determinado grafema rotado.
- Lerá pequenas frases realizando discriminación visual e auditiva de grafemas-fonemas rotados.
- ©
- Identificará en frases unha palabra con determinado grafema rotado. ©
- Buscará palabras utilizando dous ou máis fonemas-grafemas rotados.
- Rotacións máis frecuentes:
 - o b - d - p - q
 - o f - t
 - o c - z - s
 - o Sílabas mixtas e inversas:
 - PR - BR - FR - CR - DR - TR - seguida de vogal
 - PL - BL - FL - CL seguida de vogal
 - P - B - F - C - D - G - T máis vogal seguida de R ou L.

3 - OMISIONS

- Descompoñer sílabas en letras. (A)
 - Descompoñer palabras en letras. (A/B)
 - Descompoñer palabras en sílabas. (B)
 - Descompoñer frases en letras, sílabas e palabras. (C)
 - Construir palabras mediante caldos de letras.
- Exemplo: Dado un conxunto de palabras compoñerá palabras con elas.

c	t
a	o
p	a

Pato

cota

capota

Copa

capa

.. c...

Tapa

taco



- Buscará palabras a partir dunha pauta:
- De memoria.
- No libro de texto.
- No diccionario, da seguinte maneira:
 - o Con vogal máis N na sílaba inicial.
 - o Con vogal máis N na sílaba final.
 - o Con vogal máis N na sílaba intermedia.
 - o Igual con calquera outra letra.
- Completará palabras ou frases coa letra ou sílaba omitida. (A)
- Lerá palabras ou frases nas que predominen as letras ou sílabas que omite con máis frecuencia.

4 - ADICIÓN.

- Contará o número de letras de cada palabra e separaraas.
- Contará o número de sílabas de cada palabra e separaraas.
- Contará o número de palabras de cada oración-frase e separaraas.
- Deletreará sílabas.
- Deletreará palabras.
- Completará palabras/frases cos grafemas/fonemas que falten:
 - o Vogais
 - o Unha consoante concreta
 - o Varias consoantes (escollidas entre os erros máis frecuentes)
 - o Sílabas directas.
 - o Sílabas inversas
 - o Sílabas mixtas (sinfóns)
 - o diptongos
- Lerá a primeira e a última sílaba dunha lista de palabras dada:
- Escribirá a palabra a continuación
- Construírá frases con elas.
- Construírá cadenas de palabras, unindo con guións:
- Dada unha palabra terminada en vogal, a seguinte deberá empezar por esa vogal.



- Dada unha palabra terminada nunha sílaba, a seguinte deberá empezar por esa mesma. exemplo: mesa - sabor - borde - dedo- do...

5- INVERSIÓNS - CONTAMINACIÓNS.

- Meterá en círculos de diferentes cores tódalas letras iguais a un modelo dado:
 - o Exemplos a buscar: (A/B)
 - O principio da palabra.
 - Diante dunha letra concreta.
 - Detrás dunha letra concreta.
 - O final da palabra.
- Realizará exercicios rítmicos con palabras na que existan letras que se invirtan. (A)
- Leerá e deletreará letras, sílabas e palabras. (B)
- Dirá, leerá e escribirá trabalínguas. (A/B)
- Buscará palabras concretas en caldos de letras. (B)
- Realizará exercicios que impliquen ritmos.

6- UNIÓN - SOLDADURAS.

- Separará palabras en letras. (A)
 - Separará palabras en sílabas. (A/B)
 - Separará frases en palabras e en sílabas (B/C)
 - Separará frases coas palabras soldadas (unións incorrectas), ordenaraas no papel para que teñan sentido lóxico e copiaraas no caderno. (C)
 - Unirá correctamente (Correxirá) palabras que teña escritas e que estén mal separadas. (C)
 - Ordenará frases que están desordenadas. (C)
 - Construírá palabras con unha serie de letras dadas.
- Exemplo:



Melón malo
Lana mala.....

- Escribirá frases, elaboradas polo propio/a alumno/a, contando as palabras e escribíndoas correctamente.

7- FRAGMENTACIÓN- DISOCIACIÓN

- Construirá palabras con unha serie de letras dadas:

Exemplo:



Mano mina lima
Loma lona

- Separará palabras en letras. (A/B)
- Separará palabras en sílabas. (A/B)
- Separará (Fragmentará) palabras de tódalas formas correctas posibles. (B)
- Completará palabras coas letras que lle falten. (A)
- Completará palabras coas sílabas que lle falten. (A/B)
- Leerá frases e contará as palabras a golpe de dedo. (B/C)
- Realizará dictados de palabras cos erros máis frecuentes.
- Realizará frases cos erros do dictado (previa corrección).
- Realizará frases con un número crecente de palabras.
- Dánselle o/a alumno/a frases coas palabras desordenadas. O/a alumno/a terá que ordenalas con sentido lóxico e terá que escribilas correctamente no caderno.